

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:[www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Marque cal das seguintes palabras pertence ao xénero masculino:

- A) Paisaxe.
- B) Cor.
- C) Costume.
- D) Análise.

2. Indique a serie de formas verbais correcta:

- A) Dei, deches, deu, demos, destes, deron.
- B) Din, diches, dou, dimos, déstedes, diron.
- C) Din, deches, dou, dimos, déstedes, deron.
- D) Dei, diches, dou, demos, destes, diron.

3. Segundo o dicionario da Real Academia Galega, a inflamación da mucosa dos bronquios denomínase:

- A) Bronquitis.
- B) Bronquites.
- C) Bronquite.
- D) Bronquiti.

4. Indique o feminino correcto en galego:

- A) Cidadana.
- B) Curmá.
- C) Ancián.
- D) Ferrolana.

5. Indique a forma correcta de pór en galego a frase: "Le diagnosticaron una neumonía con la indicación de una alta ingesta de líquidos y reposo absoluto":

- A) Lle diagnosticaron unha neumonía coa indicación dunha alta inxesta de líquidos e reposo absoluto.
- B) Lle diagnosticaron unha pneumonía coa indicación dunha alta inxesta de líquidos e reposo absoluto.
- C) Diagnosticáronlle unha neumonía coa indicación dunha alta inxesta de líquidos e reposo absoluto.
- D) Diagnosticáronlle unha pneumonía coa indicación dunha alta inxestión de líquidos e reposo absoluto.

6. Seleccione a palabra correcta en galego:

- A) Abdomen.
- B) Ciencia.
- C) Novedade.
- D) Edade.

7. NON é correcto en galego:

- A) Hepatite.
- B) Neurose.
- C) Psicosis.
- D) Tuberculose.

**8. Indique a forma correcta de pór en galego a frase: "Un porcentaje alto de la población sufre ansiedad y considera que su salud mental no es buena":**

- A) Un porcentaxe alto da poboación sofre ansiedade e considera que a súa saúde mental non e boa.
- B) Unha porcentaxe alta da poboación sofre ansiedade e considera que a súa saúde mental non é boa.
- C) Unha porcentaxe alta da poboación sofre ansiedade e considera que a súa saude mental non é boa.
- D) Un porcentaxe alto da poboación sofre ansiedade e considera que a súa saúde mental non é boa.

**9. Indique cal das seguintes palabras pertence ao xénero feminino:**

- A) Garaxe.
- B) Dor.
- C) Labor.
- D) Leite.

**10. Seleccione o emparellamento INCORRECTO:**

- A) Cirugía: Ciruxía.
- B) Camilla: Padiola.
- C) Sangre: Sanguie.
- D) Vena: Veá.

Preguntas de reserva

**1. Indique a palabra correcta en galego:**

- A) Enfermaría.
- B) Saúde.
- C) Doutor.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**2. Indique o número cardinal INCORRECTO en galego:**

- A) Vinte.
- B) Dezaseis.
- C) Sete.
- D) Quinze.